

BASES DA IX CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS VIGUESES E VIGUESAS DE MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS

1º.- OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas a deportistas vigueses e viguesas de modalidades individuais que, acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición.

2º.- FINALIDADE

As bolsas obxecto desta convocatoria están dirixidas a consolidar a progresión do rendemento deportivo, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións, perfeccionamento e adquisición de material técnico durante o ano 2010.

3º.- BENEFICIARIOS/AS

Os/as deportistas poderán optar as seguintes axudas:

Elite: deportistas que participen en competicións de ámbito estatal e internacional nados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995.

Base: deportistas que participen en competicións de ámbito estatal e internacional nados a partir do 1 de xaneiro de 1995 (incluído).

4º.- CONTÍA

Cada unha das axudas concedidas contará cunha dotación de:

Base: 1.000 € brutos

Elite: 2.000 € brutos

Suxeitas á retención fiscal que corresponda, de acordo coa lexislación vixente.

5º.- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán nas oficinas da Fundación VIDE ou na súa páxina web: www.vide.es, achegando ademais a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada da licenza federativa da tempada 2011.
- b) Fotocopia do DNI.
- c) Volante de empadramento en Vigo, como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2010 (www.vigo.org).
- d) Certificado da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da bolsa.

6º.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 1 ao 28 de febreiro de 2011, ambos inclusive.

A solicitude xunto coa documentación deberá presentarse nas instalacións da Fundación VIDE da Rúa Cesáreo González.

7º.- REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao solicitante para que, no prazo improrrogable de 10 días, proceda a subsanación de erros. Transcorrido dito prazo sen subsanación terase ao interesado por desistido da solicitude presentada.

8º.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Baremos:

- ✓ Consideraranse os méritos obtidos polos/as deportistas durante a tempada 2010, que comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2010.
- ✓ Terase en conta a modalidade deportiva de que se trate e as dificultades para acadar méritos na mesma, así como a condición de muller deportista.

9º.- PROCEDIMIENTO

A Comisión de Valoración estará integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación Vigo en Deporte:

- O Presidente da Fundación Vigo en Deporte.
- Un representante da entidade Caixanova.
- Un representante da entidade PSA Peugeot Citroën.
- Un representante da entidade Pescanova.
- Un Asesor Técnico.
- A directora xerente da Fundación.
- O Secretario da Fundación VIDE.

O prazo para resolver non poderá exceder dos 3 meses a partir do fin do prazo de presentación de solicitudes.

10º.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

- A. Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.
- B. Prestar a súa colaboración e imaxe cando así se solicite por parte da Fundación VIDE.
- C. Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE durante as competicións ou manifestacións deportivas.